

# Sonoro erotismo

## Dos perfís das mulleres

PILAR PONTE

Falarmos de literatura erótica galega sempre provoca un aquel de reticencia, tal semella que os autores estean sempre demasiado ocupados na procura da gran novela que, por suposto, non ha de vir da man do erotismo. E non deixa de resultar paradoxal que se fuxa do máis íntimo, porque se parta da premisa de que se trata dunha temática condenada a non levar os grandes premios nin ser tomada en serio.

*Organoloxía* –gañadora da quinta edición do premio “Narrativas Quentes”- é unha obra fermosa e ben escrita. Sete profesoras de diferentes instrumentos musicais quedan atrapadas, non se sabe se casual ou intencionadamente, nunha escola de música durante unha noite e para facer máis leva-

deira a velada comezan unha serie de confesiós eróticas nas que o mundo do seu instrumento e da música en xeral son protagonistas. Con poucos riscos, Eva Moreda, bosquexa sete perfís de mulleres que teñen moito que ofrecer tras das súas grisallas apariencias. Paralelamente, unha presenza masculina engadirá certo punto de misterio sobre como rematará a noite para estas.

Se un non ten unha discoteca de música clásica á altura, aconséllolle ler a obra de Eva Moreda -a edición do libro complétase cun blog propio, organoloxia.blogspot.org, onde a autora ofrece “avances da novela (...) e, en xeral, outras reflexións (...) sobre a relación entre música, literatura e erotismo”- na compañía do Spotify para non se perder todas esas referencias que lle outorgan un plus estético á obra literaria; non facelo sería como ler só a metade da obra porque aquí a música non é ambiente nin adorno, o que a autora nos ofrece é un sonoro erotismo que debemos vivir na súa plenitude.

MOREDA, Eva, *Organoloxía*, Ed. Positivas, Santiago, 2010, PVP 10 €

